

SUS
SALA
OSTAL

CO
AH

SUS
SALA
OSTAL

COMITE S
A
C

a voz do pobo

¡Proletarios de tódolos países, unídevos!




ORGANO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

DOSSIER GRAFICO AUTONOMIA

5 - 12 - 77

25 Pts.




Mais de medio millón

galicia pola  autonomía
4. DO NA... L

Mais de medio millón na rúa



En Lugo o pobo desbordouse por unha meta común: AUTONOMIA PRA GALICIA



RAMON PIÑEIRO,
Presentador

"Pedimos a Autonomía pra ser responsables dos nosos actos".

LUGO: 10.000

Lugo era un rebulir de xente o día catro, día programado por un fato de partidos que ibarr dende UCD deica o PCG pasando polo PSOE, PSP, PSG .. como xornada pola Autonomía do noso pobo.

Dende xa ben cedo, os blacóns lucían engalanados coa nosa bandeira —a bandeira dos galegos— respostando así ó chamamento dos diferentes partidos convocantes de cara a esta "Xornada".

As doce da mañá saíu a manifestación dende a Plaza da Milagrosa percorrendo casi dous quilómetros deica chegar á Plaza da Constitución.

A manifestación discurriu nun clima de afabilidade —de irmandade galega— entre tódolos que alí íbamos, chamando unhas veces ós veciños a participar —"veciños, mirós, baixade dos balcós"— ou ben coreando as consignas —"recoñecemento da nosa bandeira", "non ó centralismo, gobernemos nós", "Si, si, si, Autonomía si"—, entre outras.

Na manifestación, na que nosoutros poidemos calcular, mirando ó traveso de infinidade de bandeiras galegas e pancartas dos partidos (PCG, PSOE, PSG, LCR, etc) unha asistencia dunhas 10.000 persoas. Non había distinción de sexos nin de edades, de clases, de pensamentos. Alí estaba o pobo galego —niste caso lucense— xunguido por unha idea común: **A Autonomía pra Galicia.**

Xa chegada a manifestación á Plaza da Constitución —chamada polo franquismo Plaza de España— o galeguista e intelectual galego D. Ramón Piñeiro, candidato por Lugo pró Senado nas derradeiras eleccións do 15 de xunio, dirixiuse ó público falando da necesidade da autonomía pró noso pobo. "**Galicia é un país atrasado pro non pobre**", e referíndose á impórtancia que pra nós, os galegos, debe te-la Autonomía: "**Galicia é o patrimonio do pobo galego, política, cultural e economicamente**", ou ben "**pedimos autonomía pra sermos responsables dos nosos actos**".

Dempóis da disertación de D. Ramón Piñeiro, a banda municipal interpretou o himno galego, sendo acompañada pola xente participante neste acto tan importante na historia do pobo galego.

Cecáis a nota discordante o foi a actuación da banda que, dempóis do himno galego, ofreceunos un pasodoble galego que non foi da eceptación do público, inda que foi enmendado dempóis coa interpretación de diferentes pezas de corte mais folklórico galego nas que o público aplaudiu acompañándoa cos seus bailes.

En fin, unha xornada histórica difícil de esquecer pró pobo lucense: A XORNADA POLA AUTONOMIA.

Antón GRANDE

A voz do pobo -2




Con bombo e platillos

O pobo sin distinción participou nesta mostra de agarimo ós nosos intreses: os intreses galegos.



A cabeza da manifestación



Compre réxime provisional

Autonomía foi unha verba repetida ó largo do día catro. Os galegos dixemos si a Autonomía, os galegos queremos a xa



O traveso do noso periódico, expreso a miña mais grande ledicia e satisfacción porque as manifestacións do día 4, na Coruña, Vigo, Lugo e Ourense, polas que con tanto entusiasmo traballou o noso Partido, representaron algo así como un plebiscito do pobo galego en favor do Réxime Provisional de Autonomía pra Galicia.

O Réxime Provisional debe se-lo camiño que nos leve a conquistar un Estatuto de Autonomía axeitado ás condi-

cións de Galicia, en canto seña promulgada a Constitución democrática que se está elaborando actualmente no Parlamento do Estado.

A Xornada pola Autonomía foi unha grande demostración do sentimento nacional que existe en cada galego que ama á súa terra e do anxeio de liberdades nacionais do noso pobo.

Co Réxime Provisional e co Estatuto de Autonomía, no contexto dun Estado democrático, deberán darse importantes pasos pra institucionaliza-la democracia na nosa vida política, pra desterra-lo caciquismo, lograr resolver algúns dos mais urxentes problemas que ten Galicia, particularmente na esfera social e na economía, e pra conquistar plenos dereitos nacionais pró pobo galego.

UN RETO

a n o t a

Dende sempre, houbo unha loita no xornalismo mundial por rompe-las barreiras do tempo e do espazo. Poñe-la noticia ocurrida a miles de

kilómetros ó servizo do lector no mínimo tempo, foi sempre unha das aspiracións prioritarias de todo periodista. Neste sentido, poñer un luns A VOZ DO POBO nas mans dos lectores, informando de acontecementos acaecidos o día anterior, mesmo na tarde do domingo, non deixaba de ser un reto importante que nos propuxemos. Débense ter en conta tódalas nosas limitacións, os nosos escasos medios e a falta de talleres propios. O que pra calquer xornal diario, en rotativa e con persoal dabondo, resulta sinxelo, pra nós é unha fazaña. Mais, compría intentalo. A Xornada era histórica. Despois deste día, ningunha cousa vai ser en Galicia como era. E nos vos son foguetes nin retóricas grandilocuentes: Endexamáis Galicia rexistrou unha mobilización maior. Nin xiquer na campaña pro-Estatuto de 1.936. A nosa nación foi unha voz, unha soia voz reclamando vellos dereitos adequeridos na Historia e reafirmados onte en Vigo, na Coruña, en Ourense, en Lugo. Foi a nosa vontade autonómica feita corpo e voz na rúa. Un clamor que require unha resposta decontado por parte do Goberno. A VOZ DO POBO, aínda emocionada logo desta noite en vela, vella loitadora pola Autonomía dentro das súas cativas forzas, tanto nas catacumbas como na legalidade, por ser un anaco mais de Galicia e do seu pobo sinte rebulirille o sangue ó observar que a nosa esperanza nunca morta empeza a facerse realidade. F. S.

Aquí está o xornal, moitos esforzos, moitos barullos pero conseguímolos. Todos aportamos o que poidemos, uns mais outros menos, pró sin ese esforzo común sería imposible. Gracias a todos, fotógrafos, redactores, militantes que estiveron toda a noite de pé, e sobre todo ós homes da imprenta que foron capaces de traballar mais de 18 horas seguidas.

Perdonen os lectores os pequenos fallos. Os momentos que acabamos de vivir o domingo nas rúas de Galicia échennos de optimismo e de vontade de superación. O pobo galego, Galicia, está por riba de intereses cómodos, de abandonismos; o esforzo non escomenzou apenas, seguiremos adiante coa nosa tarefa de informar e de plantear o pobo sin retórica, o que facemos, pensamos e sentimos os comunistas de Galicia. A VOZ DO POBO ten como misión levar esa voz comunista a todos.

Equipo de Redacción

Balance urxente da xornada

Orgullo de ser gallegos

¿Canto tempo facía que os galegos non nos sentíamos tan orgullosos de nós mesmos? Desde aquel 28 de xunio de 1936, en que plebiscitamos o Estatuto, Galicia non tiña vivido nada semellante.

O 4 do nadal, xornada pola Autonomía, ficará prá xente na historia de Galicia, porque marca o rexurdimento da nosa nación despois de catro longas décadas de sometimento dese emigrar e calar obrigado da maioría do pobo galego.

SEMELLABA UN PLEBISCITO

O día de hoxe tuvo caracteres de plebiscito. Fixemos as manifestacións mais grandes que xamais houbo en Galicia. Mais de 500.000 galegos estivemos en Vigo, Coruña, Ourense e Lugo. Pero, ¿seica os dous millóns restantes non están dacordo co sí á Autonomía e co non á emigración que berramos ós catro ventos?. E cuestión de tempo e de organización erguer a tódolos Axuntamentos e parroquias de Galicia do mesmo xeito que xa o fixemos nas cidades e nas vilas mais importantes.

O principal é que agora sabemos do que somos capaces, que recobramos a confianza en Galicia e nas nosas propias forzas pra empezar a ser donos do noso destino e do noso futuro. Futuro que verdadeiramente escomenzou nesta xornada histórica, punto de partida excepcional da nosa Autonomía e da nosa liberación nacional.

HAI CONCIENCIA NACIONAL

¡Quén o pode dudar!. A Xornada siñifica un paso de xigante da conciencia nacional do pobo galego. Siñifica a recuperación da nosa dignidade nacional, reencontro coa nosa identidade de pobo diferenciado.

O fatalismo, a desmoralización, o sentimento de inferioridade, pantasma que tantas vontades teñen frenado, pedras coas que tantas veces temos topado, acaban de recibir un golpe demoledor. Galicia, despertou. Prá ledicia da maioría e sorpresa de moitos demostramos ser capaces de unimos, ensinamos ó poder central, ós pobos de España, ó mundo, que en Galicia hai unha fonda i extensa conciencia autonómica nacional en calquer lugar; en calquer continente, onde haxa un galego, ó ter noticias da Terra nai, vibrará e renacerá a súa confianza nos seus.

Os galegos transformámonos así a nós mesmos, co medicamento da acción e da unión; as mellores menciñas pra arrumbar as pantasma anteragas, as vellas frustracións, nunca definitivamente superadas.

Tiñamos razón. Somentes era preciso unha oportunidade pra que o sentimento nacional soterrado saíse a flote manifestándose políticamente. Unha oportunidade... e liberdades políticas. Sin democracia previa, Galicia non podía poñerse en pé.

Pero si a nosa Terra non se asentaba sobre os seus propios pes, iniciando o seu camiño liberador, a democracia pouco iba necesitar pra nós. A democracia prós galegos chamase hoxe Autonomía.

Un pobo que garde durante séculos a súa linea, a súa cultura. Un pobo que ten unha historia de loita como o noso, chega un intre que dá a medida da súa estatura.

Galicia demostrou estar madura prá democracia e prá autonomía. Mereceu a pena ter creto no noso pobo e nas nosas forzas. Galicia despois de hoxe xa non vai se-la mesma: algo moi importante cambiou o 4 de nadal do 1977.

OS GALEGOS EN VANGARDA

Coa Xornada situámonos na vangarda da construción da democracia de España, da construción do novo estado democrático cuxa unidade é preciso recompoñer pra basala na autonomía e na liberdade das nacionalidades e

rexións que o compoñen.

De novo queda claro: Galicia pode ser vangarda. A pesares da dispersión xeográfica e da relativa catividade das suas cidades, a asistencia ás manifestacións foi, cando mehos, proporcionalmente semellante as Diadas e as manifestacións vascas. Ou, si cabe, aínda maior. En Vigo a cidade en pleno saleu a rua por Galicia e a Autonomía, o que ten poucos precedentes en España. Corrobórase deste xeito concreto —extensible a outras cidades e vilas— o lugar de vangarda da clase obreira na loita nacional galega.

Non hai agora ningunha "xustificación" pró relegamento de Galicia á hora do recoñecemento da súa Autonomía: recuperamos daquela, o retraso que levábamnos ás outras nacionalidades, mais desenvoltas política e economicamente.

UNION GALEGA, SI

O Partido Comunista de Galicia está mais que satisfeito de ter contribuído, en primeira fila, na realización deste extraordinario punto de arranque prá construción do novo País galego, que foi a Xornada pola Autonomía. Outras batallas aínda mais importantes han de seguir ó catro.

A clave do éxito radica en que se seguiu unha política de unión galega, que nós levamos preconizando dende os tempos da proposta de reconciliación nacional, e da cal a Xunta Democrática de Galicia foi un eslabón capital.

O catro verificouse que a burguesía de Galicia está interesada na autonomía. UCD, AP, Parlamentarios, prensa, radiotelevisión, Axuntamentos e Diputacións, deron unha aportación decisiva á masividade da xornada. Confirmouse logo que a Autonomía interesa a todos. Reducir á esquerda a convocatoria ou dificultar con maximalismos e estreiteces a plena participación e corresponsabilidade do centro e da dereita —como tentaban algúns—, houbese representado o fracaso da xornada. Nesta etapa histórica hoxe, unha política de unión da esquerda, frente populista, ou calquer subestimación do papel positivo que pode xogar a burguesía, vai contra os intereses da reconstrución nacional de Galicia e empuxará ó ghetto a quen a promova. A situación do BNPG é expresiva como exemplo de onde leva o sectarismo izquierdista e nacionalista.

¿DESPOIS DO 4 QUE?

O primeiro é manter a unión galega conquistada ó redor dos seus oxetivos: Autonomía e democratización de Galicia. Convergencia política que non exclúe, por suposto, a loita de clases e o esforzo da clase obreira, e da esquerda, pola hexemonía no proceso de liberación de Galicia.

O decreto lei do Réxime transitorio tería que ser promulgado, tal como prometeu Clavero Arévalo, neste mes de decembro. Compre atopar solucións satisfactorias ós temas da lingua e da bandeira: ¡Queremo-las enteiras!. Compre que a Xunta de Galicia provisional se constituía e se poña a traballar sin dilación algunha.

O pobo galego é conecedor xa de que a posta en vigor de esta institución histórica é froito, directa e indirectamente, da súa loita e unidade e poñerá, dende logo, na Xunta as suas esperanzas. Non defraudalas fai necesario darlle a máxima representatividade á Xunta polo ben de Galicia. Reducila ós Parlamentarios é, neste sentido negativo. A Xunta debe constituirse no espírito do 4, ten que ser factor de equilibrio entre esquerda e dereita, ten que contar co apoio das clases sociais mais principais, ten que ser unha XUNTA DE UNION GALEGA

Carlos BARROS

Mais de medio millón na rúa



OURENSE: 15.000


Quince mil persoas saíron á rúa pra reclama-la Autonomía de Galicia.

Abrían a marcha as forzas políticas e sindicais seguidas dos parlamentarios da provincia e do groso da manifestación.

Recorreron as rúas de Progreso, Capitán Eloy, el Paseo, pra voltar novamente á rúa do Progreso e rematar na Alameda. Onde Eduardo Blanco Amor, escritor de teatro e xornalista, falou ós manifestantes representando "os verdadeiros intereses galeguistas e non de ningunha forza política". Na introdución referiuse á Virxen dos Remedios pese a que non creía nela, agradeceulle que non houbera chovido.

Rematou o acto lembrando un poema de Ramón Cabanillas, "Galicia nai e señora".

O fin da Xornada ourensana deuse coa entonación do Himno Galego que interpretaba a Banda Municipal de música e cantaban no palco a Coral de Ruada e o Orfeón Unión Ourense.



Os artistas tamén estiveron onte pola Autonomía (Dibuxos de Guesada)

A voz do pobo -4



EN OURENSE TAMEN GALICIA ESCOMENZA A SER MAIS NOSA



EIQUI TAMEN



O CAMPO O GRAN ESQUENCIDO XUNGUIU A SUA VOZ POLA AUTONOMIA. E A AUTONOMIA E PRA TODOS OU NON E PRA NINGUEN



Blanco Amor, único orador

Agradecéndolle á Virxe dos Remedios —pese a non creer nela— que non chovera.

Mais de medio millón na rúa

LUGO e OURENSE



Plaza da Milagrosa: punto de partida da manifestación: logo engadíriase moita mais xente



A xuventude non quixo faltar á cita



Manifestantes	18.000
Hora	12,30-1,20
Recorrido	Progreso Capitán Eloy Paseo Cruz Roja Progreso Alameda
Consignas	Galicia di: Autonomía sí; Goberno escoita Galicia está na loita; Galicia berra Autonomía pra nosa terra; A lingua e a bandeira quere-mo-las enteiras.

Manifestantes	10.000
Hora	12-2 do mediodía
Recorrido	Plaza da Milagrosa 18 de Xulio Bolaño Rivadeneira Quiroga Ballesteros Plaza de Santo Domingo Rúa da Reina Plaza da Constitución
Tiempo	Nuboso
Consignas	Si, si, si, autonomía si Gobernemos nós na nosa Terra Galicia ceibe, sin emigración Veciños, mirós, loitade con nós etc, etc.....

**D
A
T
O
S
P
R
A**

**U
N
H
A
X
O
R
N
A
D
A**

Mais de medio millón na rúa Vigo: 350.000 voces pola Autonomía




Todos a unha



Mirando cara adiante



Paz Andrade, único orador



41 anos
agar-
dan-
do

CC.OO.: Bon servicio de orde



Pepe - 77

!! 350.000 !!

Que espectáculo ver a nosa cidade manifestándose pola Autonomía de Galicia, pola Autonomía do noso pobo.

Dende primeiras horas da mañá un feito de grandes consecuencias pró pobo galego: A Autonomía xa votada polo pobo galego no ano 36 a refrendada agora de nove millóns e miles de manifestantes que desbordaban as rúas viguesas.

350.000 manifestantes, si, non nos equivocamos na cifra, 350.000, formaron parte da manifestación mais grande que recordan as rúas viguesas coreando as consiñas propostas de antemán polos partidos políticos convocantes da manifestación.

Abría a manifestación unha gran pancarta na que se podía ler "Galicia pola Autonomía", portada polos representantes das forzas políticas parlamentarias coa excepción de Alianza Popular e "Fuerza Nueva".

TODO UN BERRO POLA AUTONOMIA

A grandiosa manifestación —a maior de Galicia— formou un berro unitario pola autonomía coreando un clamor cada vez mais forte "Galicia di, autonomía si", "A lingua e a bandeira, querémola enteira", "Goberno escoita, Galicia está en loita". Entre berro e berro das consiñas, o incansante movemento de bandeiras enchendo de forza as rúas e os baleiros por onde iba pasando.

Pró, todo isto, contando as convocatorias feitas pelas asociacións de veciños, de mulleres, etc, tivo xa pola mañá un antecedente no partido de fútbol no que o Celta de Vigo portando unha bandeira galega, convocou a tódolos asistentes a participar na manifestación a celebrar pola tarde, convocatoria que axudou ó aumento de xente na manifestación.

Xa é remate diste feito na explanada do Club Náutico e, onde unha enorme pancarta do PCG (20 metros de lonxitude por 4 de alto) enchía o aire as súas reivindicacións, Valentín Paz Andrade dirixiu ós alí presentes unhas emocionadas palabras rematando un alento pra tódolos galegos: "de hoxe en diante vai cambiarse o concepto que teñen de Galicia por ahí adiante. De hoxe en diante, hai que reconecer ao pobo galego unido, xuntado, vibrante, nesta gran cidade de Vigo, é un pobo que cando chega o intre de defende-los seus dereitos sabe impoñerse en pé na rúa".

Datos pra unha xorxada histórica

Manifestantes	350.000
Hera	4-7 tarde
Recorrido	José Antonio (esquina vía Norte, Colón e explanada náutico)
Tempo	soleado
Consignas	Galicia di, autonomía si; goberno escoita Galicia está en loita; A lingua e a bandeira querémolas enteras, Centralismo non, na nosa Terra nós; Galicia enteira pola autonomía verdadeira; Dende o balcón non hai solución.

Notas do PCG sobre a Autonomía

PROGRAMA PROVISIONAL DO P66 DO 1968 —primeiro Congreso

"Os comunistas galegos conciben a Autonomía de Galicia como un resultado da loita obreira, popular e democrática pola mesma. A súa concreción inicial exprésase na creación, e entrada inmediata en funcionamento dunha Xunta de Goberno autónomo de Galicia, que terá carácter provisional... Apoiada nun amplo consenso popular —nacional e internacional—, en estreita relación co poder central, garantizará a autoridade do novo poder democrático en Galicia e tomará as medidas mais urxentes pra democratizá-la súa vida política; elaborará un proxecto de Estatuto de Autonomía e, dacordo co poder central, someterá a consulta popular nun prazo breve".

XUNTA DEMOCRÁTICA DE GALICIA 1974

"Galicia ten que optar por si mesma tódalas decisións que afecten ós seus intereses, dende o Réxime de educación astra a protección do medio ambiente. Neste orden o noso punto de partida será o Estatuto de Autonomía plebiscitado en xunio do 1936 e aprobado por clamorosa maioría, sin que con elo se prexuzgase sobre o destino que libremente queira darse o pobo galego".

A voz do pobo -6

NOVA GALICIA TERCEIRO TRIMESTRE 1974

"Nós necesitamos mais que ningún, polo carácter social que ten o problema nacional galego a Autonomía (...). Pra obter unha Autonomía real, unha condición e que seña froito da loita de masas e non unha concesión por decreto. Que sea unha conquista galega".

TABOA DEMOCRÁTICA, 06TUBRE 1976

"A democracia sería ben cativa pra galegos si aínda conquistada continuáramos asoballados polo centralismo. Galicia precisa de Autonomía política dentro da unidade do Estado español, dun Goberno e Parlamentarios galegos pra defensa dos seus intereses políticos, económicos, sociais e culturais".

A VOZ DO POBO, SETEMBRO 1977

"Si queremos darlle a volta a correlación de forzas evidentemente desfavorable pra reivindicación galega; si queremos que Galicia seña tida en conta na actual coyuntura, como que a Galicia mais dinámica, dentro e fora do Parlamento, se poña en marcha nunha mobilización positiva constructiva de opinión e de masas, que demostre a vontade autonómica do pobo galego".



A voz do pobo -7

Mais de medio millón na rúa



Eles recollerán os froitos



VIGO


Galicia necesita de todos

«... como decíamos ayer...»



A chamada da rúa foi mais forte ca todo tipo de impedimentos. Non queremos facer demagoxias nin fáciles paternalismos, pero a proba ahí está. O sentimento nacional, a ideoloxía, moveunos a todos. E Galicia necesita absolutamente de todos.

Mais de medio millón na rúa



A representación do pobo no balcón do Axuntamento. Abaixo a Banda, que tocou varias veces o noso Himno.

150.000

Reventaron tódalas previsións, mesmo as mais optimistas. Xa unha hora antes escomenzaron a concentrarse grupos de persoas que se cruzaban cos autocares chegados do Ferrol, Pontevedra, Betanzos, Santiago, etc, que levaban centos de manifestantes astra a mesma Plaza de Portugal. As doce en punto, miles de persoas, con miles de bandeiras galegas, pancartas de tódalas organizacións e forzas políticas, como unha inmensa riada, escomenzaron a marcha ós berros de "Autonomía prá nosa Terra", "Galicia ceibe sin emigración". "Centralismo fora, autonomía xa", etc, etc.

A manifestación foise enchendo notablemente ó longo da rúa de Rubine, deténdose uns momentos na Plaza de Pontevedra, onde foi cantado o himno galego mentras miles e miles seguíanse sumando á manifestación. Juana de Vega e os Cantóns viron a meirande concentración de galegos nunca realizada en toda a Historia, unidos por un mesmo obxectivo: **a Autonomía de Galicia.**

A Coruña era unha festa de unidade. Centos de pancartas e miles de pegatinas e bandeiras de Galicia, deron unha nota de colorido blanquiazul que o sol se encargou de resaltar. A Plaza de María Pita, remate da manifestación, quedou pequena, moi pequena. O pobo da Coruña respondeu como se esperaba e amosou a súa fonda e firme vontade de loitar polos instrumentos políticos que lle pertencen por razóns históricas e pola súa fonda conciencia nacional.

O acto rematou cos dirixentes políticos no balcón do Axuntamento, mentras a banda municipal escomenzaba os compases do himno galego, cando aínda a terceira parte da manifestación quedaba sin poder entrar na Plaza.

O himno galego foi o grito común de 150.000 coruñeses que onte estiveron na rúa conquistando e recuperando a súa personalidade política, a súa identidade nacional, e deixado patente a vontade dun pobo que sabe que hoxe a Autonomía é un paso fundamental cara a súa liberación social, política, económica e cultural. A voz de Autonomía pra Galicia quedou; agora ten que ser recollida e feita realidade.

Fernando CUERVO

A CORUÑA



As forzas políticas e sindicais abrindo a marcha: Era o comenzo da "Xornada" histórica.



A "Xornada" tivo tamén aires de festa: Unha festa popular.

Mais de medio millón na rúa

Instantáneas

...e seguían chegando



A CORUÑA

No balcón do Axuntamento

Castelao tamén estivo: el non podía faltar



O PRIMEIRO E O PRIMEIRO, LOGO: O VIÑO
(Rúa dos Olmos perante a manifestación)

A voz do pobo -10

Manifestantes	150.000
Hora	12,30-2 mediodía
Recorrido	Plaza Portugal Rubine Plaza Pontevedra Juana de Vega Cantóns Porta Real Plaza María Pita
Tempo	Soleado
Consignas	Autonomía prá nosa Terra; Pobo galego, xúngue-te, Centralismo fora, Autonomía agora; Galicia ceibe sin emigración; Dende o balcón non hai solución, etc., etc.

**Datos
Pra
unha
Xornada
histórica**

Mais de medio millón na rúa

Facendo Galicia



Aspecto parcial da manifestación na Coruña ó remate do acto.



Eles medrarán nun país mais libre, mais democrático. Neses ollos, nesa bandeira, van toda unha esperanza dun futuro mais limpo, mais galego.





GALICIA: UN DIA HISTORICO



Dep. Legal: C. 959/77

Imprime: Litografías 3 C, s. l. - Santiago, 1977